

# Ecosistemas

## E AS 6 FASES DO CICLO INTEGRAL DA AUGA



Nesta Aventura convidámosche a coñecer 6 ecosistemas do planeta. En cada un deles aparece unha fase da xestión do ciclo integral da auga que pode realizarse nese ecosistema ou en calquera outro lugar do mundo.

Coñece aos protagonistas desta divertida aventura e como ser supersostible.

### 1. CAPTACIÓN

A auga procedente do medio natural diríxese a encoros e presas para ser almacenada.

### 2: TRATAMENTO

A auga condúcese ás ETAP, Estacións de Tratamento de Auga Potable, ou ás EDAM, Estacións Desalinizadoras de Auga do Mar, onde se somete a delicados procesos de limpeza, desinfección e control para facela apta para o consumo.

### 3: ALMACENAMENTO

A auga potable almacénase en depósitos especiais, onde se coida, vixía e analiza para mantela en perfectas condicións.



### 4: DISTRIBUCIÓN

Dende os depósitos, a auga é conducida por unha rede de tubaxes até chegar ás vnosas casas, hospitais, fábricas, escolas...

### 5: SANEAMENTO

Unha vez consumida, a auga condúcese dende os desaugadoiros até as tubaxes da rede de saneamento, para ser levada ás EDAR, Estacións Depuradoras de Augas Residuais.

### 6: DEPURACIÓN

Nas EDAR, a auga trátase e procesase para ser aproveitada e devolta ao medio natural en boas condicións. Así, o Ciclo Integral da Auga volve empezar!